

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde do 25 de marzo de 1992 pola que se actualizan as condicións zootécnicas para o comercio intracomunitario dos bovinos de raza pura con destino á reprodución.*

A Orde do 25 de marzo de 1992 pola que se actualizan as condicións zootécnicas para o comercio intracomunitario dos bovinos de raza pura con destino á reprodución, modifícase nos seguintes termos:

Un. O contido do artigo 1 substitúese polo seguinte:

«A admisión para a reprodución das femias de bovino de raza selecta, a admisión dos touros de raza selecta para a cubrición natural, e a utilización dos óvulos e embrións de femias de bovino de raza selecta, procedentes doutros Estados membros, rexeranse polo establecido na presente disposición, sen prexuízo das normas zosanitarias e do disposto na Orde do 6 de febreiro de 1988 pola que se aproba o modelo oficial de certificado xenealóxico dos reprodutores bovinos de raza pura e os datos que se deben incluír nel.»

Dous. O contido do artigo 5 substitúese polo seguinte:

«O seme a que se refiren os artigos 2 e 3, cando sexa obxecto dun intercambio intracomunitario, recollerase, tratarase e almacenarase nun centro de recollida ou, chegado o caso, almacenarase nun centro de almacenamento autorizado, de conformidade co Real decreto 2256/1994, do 25 de novembro, polo que se fixan as exixencias de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie bovina.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do artigo 149.1, regras 13.^a e 16.^a da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de, respectivamente, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 24 de marzo de 2007.

Madrid, 17 de novembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

19636 *ORDE SCO/3691/2005, do 25 de novembro, pola que se modifica o anexo VII do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 285, do 29-11-2005.)

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000 e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO/2592/2004, SCO/3664/2004 e SCO/544/2005 modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, a última delas mediante a Directiva 2005/9/CE, da Comisión, do 28 de xaneiro de 2005.

Pola presente disposición trasponse esta directiva ao noso ordenamento xurídico, segundo o establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo VII do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro.*

Na primeira parte do anexo VII do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, engádesse o seguinte número de referencia:

Número de orde	Substancias	Concentración máxima autorizada	Límites e exixencias	Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
a	b	c	d	e
28	Ácido benzoico, 2-(–4-(dietilamino)–2-hidroxibenzoil), hexilester (nome INCI: Diethylamino Hydroxybenzoyl Hexyl benzoate: n.º CAS 302776-68-7)	10% en produtos de protección solar.		

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de novembro de 2005.

SALGADO MÉNDEZ